

ANEXO I

CERTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS 2014

D. / Dna. Rosa Ana Prada Queipo
secretario/a do Concello de Ames.

CERTIFICA: Que o Pleno municipal deste Concello na sesión realizada o día 23 de decembro de 2013, adoptou o seguinte acordo:

1.- "Aprobar o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2014, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto total
APARCAMENTO COLEXIO VENTIN E ASFALTADO, CONTINUIDADE RÚA DO XEIXO A ESTRADA DP-0206, PAVIMENTACIÓN CAMIÑO DE PORTANXIL A TRASMONTE E ASFALTADO INTERIOR ALDEA DE LENS	76317,66		76317,66
BEIRARRÚA E MELLORA FIRME CALZADA RÚA XAQUIN LORENZO E INTERVENCIÓNS EN TRAVESÍA DE PEDREGAL E TRAVESÍA DE LODEIRO.	86375,96		86375,96
SENDA PEONIL TRAS DO RÍO-COLEXIO AGRO DO MUIÑO E SENDA PEONIL ESTRADA CASANOVA A RAÍCES	81666,61		81666,61
PAVIMENTACIÓN RÚA FONTALDEIRO-CANTALARRANA E REPARACIÓN ESTRADA AMEIXENDA CON AGLOMERADO	78357,36		78357,36
ASFALTADO E ACCESO APARCAMENTO CAMPO FUTBOL MILLADOIRO E MELLORA SEGURIDADE PEONIL E ASFALTADO ACCESO COLEXIO ALCA	75696,55		75696,55
SUBTOTAL OBRAS	398414,14		398414,14

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2014 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	99603,54

C) Resumo:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS	398414,14		398414,14
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	99603,54		99603,54
TOTAL	498017,68		498017,68

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2014 no que se inclúen as obras que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación da obra	Presuposto
CAMIÑO TALLER (COSTOIA) A CRUCE BERTAMIRÁNS-MILLADOIRO-FRAMAN E CAMIÑOS EN BUCELEIRAS	50029,64
CAMIÑO CASANOVA A IGREXA BIDUIDO, ACCESO INTERIOR A CASANOVA E CAMIÑOS NA PARROQUIA DE PIÑEIRO	41422,31
CAMIÑO CORTEGADA A MONTEMAIOR (AMEIXENDA)	84167,81
TOTAIS	175619,76

3.- Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2014 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2014.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”